

DON JAVIER PASTOR DIAZ MOSQUERA, CONCELEIRO SECRETARIO DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL DO EXCMO. CONCELLO DE FERROL.

C E R T I F I C O : Que a Xunta de Goberno Local, en sesión celebrada o día 04 de novembro de 2024, adoptou, entre outros, o seguinte acordo:

“4. PROPOSTA DE ADXUDICACIÓN QUE ELEVA A MESA DE CONTRATACIÓN PERMANENTE AO ÓRGANO DE CONTRATACIÓN, CORRESPONDENTE Á SUBSTITUCIÓN DA UNIDADE EXTERIOR DA BOMBA DE CALOR DO TEATRO JOFRE (AVS 03109 24/55) E ACORDOS COMPLEMENTARIOS. (EXPEDIENTE CIVIDAS 2021039105). Examinada a proposta que eleva o Concelleiro Delegado de Contratación, que textualmente di:

“A Xunta de Goberno Local, na súa sesión de data 09/09/2024, aprobou o expediente íntegro de contratación administrativa número **AVS 03109 24/55** correspondente á **Contratación da substitución da unidade exterior da bomba de calor no Teatro Jofre**; os Pregos de Cláusulas Administrativas e de Prescricións Técnicas, ambos de data 30/08/2024; o gasto correspondente a dita contratación por importe máximo de 70.071,34 € (21% IVE incluído) e a súa imputación á aplicación 03109 3331 62300 do orzamento municipal (*consonte ao seguinte desglose, anualidade 2024: 70.071,34 €*); dispuxo a apertura do procedemento de adxudicación aberto simplificado consonte o disposto no artigo 159 LCSP, con pluralidade de criterios obxectivos de valoración e tramitación ordinaria, nas condicións e prazos indicados nos Pregos e proceder á publicación do anuncio de licitación no Perfil do Contratante do órgano de contratación aloxado na Plataforma de Contratos do Sector Público e dos documentos do expediente que conteñan a información referida no artigo 63.3 LCSP e, finalmente, encomendou ao Servizo de Contratación a realización dos trámites necesarios para a apertura do procedemento de licitación e tramitación do oportuno expediente.

O día 11/09/2024 publicouse anuncio de licitación no perfil do contratante do Concello de Ferrol aloxado na Plataforma de Contratos do Sector Público (PLACSP) outorgándolle aos licitadores un prazo de 15 días naturais para a presentación de ofertas. O prazo remataba o día 26/09/2024 ás 23:59 horas.

A Mesa de Contratación Permanente constituíuse en sesión celebrada, en data 30/09/2024, co obxecto de realizar a apertura pública dos arquivos electrónicos-sobre ÚNICO presentados para o expediente de referencia, que conteñan a declaración responsable do cumprimento de requisitos previos e a oferta de valoración automática que presenten os licitadores concorrentes. Previamente, o día 27/09/2024, publicouse en PLACE a data e hora da apertura de ofertas. Non houbo interesados en presenciar o acto convocado.

Comprobada a ausencia de público interesado en presenciar o acto convocado; deuse conta do procedemento seguido; da data de remate do prazo de licitación e das cinco ofertas presentadas transcorrido dito prazo, todas en prazo. Lembrouse o recollido no pregos que rexen a licitación referido á acreditación da viabilidade da proposta presentada posto que os licitadores deberán presentar no sobre único:

- Información comercial que deberá engadir a determinación do equipo, con indicación exacta da marca, tipo, versión, equipamento opcional e accesorios ofertados mediante catálogos, descrições, fotografía, planos, esquemas, mostras ou cantos datos e documentos permitan valorar que o subministro adáptase ás características do esixido no PPT.

- Un plano/esquema acotado 3D de conxunto, no que poida apreciarse como quedará a instalación a realizar na azotea do Teatro.

A omisión da documentación dará lugar á exclusión da oferta.

A continuación, procedeuse co descifrado e apertura electrónica das proposicións presentadas, resultando como segue:

SOBRE ÚNICO		
		<i>Tipo de licitación, sen IVE: 57.910,20 €</i>
1	CONSULTING DE INGENIERÍA E INSTALACIONES SL	<ul style="list-style-type: none"> • Que oferta a execución do contrato na cantidade, sen IVE, de 54.495,00 €. • Que oferta o seguinte incremento do prazo de garantía por riba do mínimo (2 anos) establecido no PPT: <ul style="list-style-type: none"> • 4 anos por riba do mínimo establecido no PPT <p>*NON ACHEGA a información comercial do equipamento ofertado e o plano/esquema acotado 3D de conxunto nos termos referidos no epígrafe 15 do anexo I ao PCAP</p>
2	IAM RUMBO INSTALACIONES Y OBRAS SL	<ul style="list-style-type: none"> • Que oferta a execución do contrato na cantidade, sen IVE, de 52.870,14 € • Que oferta o seguinte incremento do prazo de garantía por riba do mínimo (2 anos) establecido no PPT: <ul style="list-style-type: none"> • 4 anos por riba do mínimo establecido no PPT <p><i>*ACHEGA información do equipamento ofertado (a documentación presentada queda pendente de revisión e informe técnico conforme aos termos referidos no epígrafe 15 do anexo I ao PCAP)</i></p>
3	INSIS GLOBAL 2008 SL	<ul style="list-style-type: none"> • Que oferta a execución do contrato na cantidade, sen IVE, de 57.400,00 € • Que oferta o seguinte incremento do prazo de garantía por riba do mínimo (2 anos) establecido no PPT: <ul style="list-style-type: none"> • 4 anos por riba do mínimo establecido no PPT <p><i>*ACHEGA información do equipamento ofertado (a documentación presentada queda pendente de revisión e informe técnico conforme aos termos referidos no epígrafe 15 do anexo I ao PCAP)</i></p>
4	TECCONAIR SL	<ul style="list-style-type: none"> • Que oferta a execución do contrato na cantidade, sen IVE, de 49.600 €. • Que oferta o seguinte incremento do prazo de garantía por riba do mínimo (2 anos) establecido no PPT: <ul style="list-style-type: none"> • 2 anos por riba do mínimo establecido no PPT <p><i>*ACHEGA información do equipamento ofertado (a documentación presentada queda pendente de revisión e informe técnico conforme aos termos referidos no epígrafe 15 do anexo I ao PCAP)</i></p>
5	CLIMATEGA SLU	<ul style="list-style-type: none"> • Que oferta a execución do contrato na cantidade, sen IVE, de 56.634,06 €. • Que oferta o seguinte incremento do prazo de garantía por riba do mínimo (2 anos) establecido no PPT: <ul style="list-style-type: none"> • 4 anos por riba do mínimo establecido no PPT <p><i>*ACHEGA información do equipamento ofertado (a documentación presentada queda pendente de revisión e informe técnico conforme aos termos referidos no epígrafe 15 do anexo I ao PCAP)</i></p>

Rematado o acto; a Mesa de Contratación Permanente, co voto favorable de todos os membros asistentes con dereito a voto, ACORDOU:

- Á EXCLUSIÓN do procedemento a oferta presentada pola licitadora CONSULTING DE INGENIERÍA E INSTALACIONES SL por non aportar a documentación xustificativa esixida nos pregos referida á acreditación da viabilidade da proposta (epígrafe 15 do anexo I do PCAP).
- CALIFICAR favorablemente as declaracións relativas ao cumprimento de requisitos previos e as propostas presentadas polos catro licitadores inicialmente admitidos.
- REMITIR as ofertas de valoración automática a revisión e informe dos servizos técnicos municipais, dada a documentación obxecto de revisión e estudio (*Información comercial do equipamento ofertado nos termos recollidos no epígrafe 15 do anexo I ao PCAP*) deixando pendente para unha sesión posterior a valoración das ofertas recibidas nesta única fase do procedemento e replanificando o acto en vindeiras datas.

O expediente pasa a informe técnico.

A Mesa de Contratación Permanente constituíuse en sesión, de data 14/10/2024, para a valoración das ofertas contidas no sobre único e, en primeiro lugar, deuse conta do informe técnico de valoración que, en data 07/10/2024, emite o enxeñeiro municipal no que consta o seguinte:

INFORME

En relación coas ofertas presentadas ao procedemento de contratación para a substición da unidade exterior da bomba de calor no teatro JOFRE, pódese informar:

- *Que analízase a documentación presentada polas empresas aceptadas no procedemento, que foron:*

*CLIMATEGA S.L.U
IAM RUMBO INSTALACIONES Y OBRAS S.L.
INSIS GLOBAL 2008, S.L.
TECCONAIR, S.L*

- *O procedemento tramitouse en base a un único sobre, con dous criterios obxectivos, sendo estes:*
 - *Prezo (80 puntos),*
 - *prazo de garantía (20 puntos).*

Ademais, as empresas debían presentar, aos efectos de acreditar a viabilidade da proposta, a información comercial que permitira avaliar que o equipo ofertado cumpre as características esixidas no PPT.

- *Segundo a documentación aportada, as empresas CLIMATEGA e TECCONAIR ofertan equipos de potencia (en frío) inferior á solicitada como mínima no PPT; con respecto á última, ademais, a documentación presentada limitase a unha folla xeral dunha gama de equipos, sen case aportar máis datos que, o que precisamente amosa o seu incumprimento, e non incluíndo o esquema solicitado no que se puidera facer unha idea das dimensións do equipo montado. Nos dous casos propónse a exclusión do procedemento.*
- *A empresa IAM RUMBO presenta un equipo que non inclúe ningún tipo de recuperación de enerxía, polo que non se pode instalar no Teatro Jofre; así, o Regulamento de Instalacións Térmicas especifica:*

IT 1.2.4.5.2 Recuperación de calor del aire de extracción

1. En los sistemas de climatización de los edificios en los que el caudal de aire expulsado al exterior, por medios mecánicos, sea superior a $0,5 \text{ m}^3/\text{s}$, se recuperará la energía del aire expulsado.

Neste caso, o PPT especifica que o equipo debe aportar un mínimo de 20.000 m³/h (5,6 m³/s), superior aos 0,5 m³/s establecidos, polo que forzosamente debe contar con recuperación de enerxía. Nestas condicións, proponse tamén a exclusión desta empresa.

- A empresa INSIS GLOBAL 2008, S.L. presenta un equipo que cumple coas especificacións solicitadas, coa seguinte oferta:
 - Prezo: 57.400,00 € (80 puntos)
 - Prazo de garantía: 4 anos (20 puntos)

Segundo o especificado no art 85 do RD 1098/2001 polo que se aproba o Regulamento da Lei de Contratos das Administracións públicas, ao que fai referencia o apartado 16 do Anexo I do PCAP, a oferta non resulta desproporcionada ou anormal.

Coas consideracións anteriores, aplicando as fórmulas de avaliación establecidas no PCAP a esta única empresa, a avaliación sería:

EMPRESA	PREZO	PRAZO	TOTAL
INSIS GLOBAL 2008, S.L	80	20	100

Propónse a adxudicación do contrato á empresa INSIS GLOBAL 2008, S.L.

Tendo en conta o anterior; a Mesa de Contratación Permanente, co voto favorable dos membros asistentes con dereito a voto, ACORDOU:

- EXCLUIR do procedemento, polas razóns recollidas no informe técnico de data 07/10/2024, as ofertas presentadas polas licitadoras: IAM RUMBO INSTALACIONES Y OBRAS SL; TECCONAIR SL e CLIMATEGA SLU
- PONDERAR A OFERTA CONTIDA NO SOBRE ÚNICO (*criterios obxectivos*) presentada pola empresa INSIS GLOBAL 2008 SL, único licitador concorrente que resultou admitido, coa puntuación que se detalla no informe técnico de data 07/10/2024.
- REQUIRIR da licitadora INSIS GLOBAL 2008 SL a documentación a que se refire a cláusula 27 do PCAP aos efectos da adxudicación do contrato.

Considerando o acordo adoptado polo órgano de asistencia, por medio da PLACSP, requíriuse á empresa INSIS GLOBAL 2008 SL a presentación da documentación a que se refire a cláusula 27 do PCAP. A licitadora atendeu o requerimento do órgano de asistencia, dentro do prazo concedido, presentando documentación na PLACSP aos efectos requiridos; a documentación presentada se remite a revisión e informe dos servizos técnicos municipais (*á que se refire á acreditación de solvencias e habilitación profesional*).

A Mesa de Contratación Permanente constituíuse en sesión, de data 31/10/2024, para os efectos do disposto na cláusula 27 do PCAP e con motivo da adxudicación do contrato; considerando toda a documentación acreditativa presentada pola empresa proposta; tendo en conta os datos inscritos no ROLECE referidos pola licitadora; a documentación solicitada oficio (*inexistencia de débedas tributarias co Concello de Ferrol*); vistos os informes técnicos favorables emitidos polo enxeñeiro municipal, en data 24/10/2024, no que respecta á acreditación documental de solvencia técnica e habilitación profesional; vista a opinión técnica favorable emitida pola Intervención Municipal, en data 25/10/2024, no que

respecta á acreditación documental da solvencia económica e financeira e considerando todos os extremos exigidos na cláusula 27 do PCAP; co voto favorable de todos os membros asistentes con dereito a voto, ACORDA:

- CALIFICAR favorablemente a documentación acreditativa presentada pola empresa INSIS GLOBAL 2008 SL e, en consecuencia, elevar ao órgano de contratación, proposta de adxudicación ao seu favor:

CONSIDERACIÓNS XURÍDICAS

Primeiro.- A nosa lexislación contractual impón ao órgano de contratación a obriga de adxudicar o contrato dentro dos cinco días hábiles seguintes á recepción da documentación (artigo 150.3 LCSP). O acordo de adxudicación deberá ser motivado, notificarase aos licitadores e, simultaneamente, publicarase no perfil de contratante no prazo de quince días (artigo 151.1 LCSP).

Recibida a documentación presentada polo licitador proposto para a adxudicación do contrato e a solicitada de oficio pola Administración municipal e, comprobado pola Mesa de Contratación que esta é correcta, procede adxudicar este contrato.

Segundo.- A competencia para formular a proposta de adxudicación ao órgano de contratación correspóndelle á Mesa de Contratación (artigo 326.2 letra d) LCSP). A proposta realizarase a favor do licitador que teña presentado a mellor oferta, de conformidade coo disposto no artigo 145, segundo proceda de conformidade co prego de cláusulas administrativas particulares que rexe a licitación.

Terceiro.- A competencia para a adxudicación deste expediente correspóndelle á Xunta de Goberno local, na súa calidade de órgano de contratación, en virtude do disposto na DA 2ª.4 da LCSP e no acordo da Xunta de Goberno Local de data 11/12/2023 (BOP nº 241 de 20/12/2023).

En base a canto antecede e polas razóns recollidas na parte expositiva; a proposta da MESA DE CONTRATACIÓN PERMANENTE, con voto favorable de todos os vocais asistentes, **e previo informe de fiscalización favorable da Intervención Municipal**, elévase á Xunta de Goberno Local, como órgano de contratación competente, para a adopción dos seguintes acordos:

- **Primeiro.-** EXCLUIR, polos motivos recollidos na parte expositiva, as ofertas presentadas polas licitadoras: CONSULTING DE INGENIERÍA E INSTALACIONES SL; IAM RUMBO INSTALACIONES Y OBRAS SL; TECCONAIR SL e CLIMATEGA SLU.
- **Segundo.-** ADXUDICAR; polas razóns recollidas na parte expositiva, con suxeición aos pregos de cláusulas que rexen o presente contrato e consonte á oferta presentada, a contratación administrativa número **AVS 03109 24/55** correspondente á **Contratación da substitución da unidade exterior da bomba de calor no Teatro Jofre** á empresa INSIS GLOBAL SL (CIF B70187836) na **cantidade total de 69.454,00 €** (57.400,00 € sen IVE e 12.054,00 € correspondente ao 21% de IVE) e cun incremento do prazo de garantía por riba do mínimo (2 anos) establecido no PPT de 4 anos, o que supón **un prazo de garantía de 6 anos**.

Prazo de execución do contrato: O prazo de entrega da unidade será de 5 meses contados a partir do día seguinte á formalización do contrato.

** O servizo que propuxo a contratación, en informe incorporado ao expediente en data 31/10/2024. refírese como previsión de gasto o seguinte:*

En relación co reparto de anualidades do contrato solicitado, infórmase:

- 1. Que o importe de adxudicación do contrato ascende á cantidade de 57.400,00 € máis o IVE correspondente.*
- 2. Que o PCAP establece que o prazo de execución é de 5 meses, e que o pago será único, ao remate do traballo.*
- 3. Nestas condicións, é previsible que o aboamento da cantidade total do contrato se produza na anualidade 2025, sendo, polo tanto a previsión das anualidades do contrato a seguinte:*

• ANO	• IMPORTE	• IVE	• TOTAL
• 2025	• 57.400 €	• 12.054,00 €	• 69.454,00 €

- **Terceiro.-** Proceder á FORMALIZACIÓN do contrato en documento administrativo no xeito previsto no artigo 151 LCSP, debendo efectuarse o trámite non máis tarde dos QUINCE DÍAS HÁBILES contados, dende a data de envío do aviso da posta a disposición da notificación de adxudicación, á dirección de correo electrónico que as empresas licitadoras interesadas facilitaron a ditos efectos na declaración responsable presentada no sobre único da presente licitación, debendo procederse de xeito simultáneo á publicación da adxudicación no perfil do contratante do Concello de Ferrol aloxado na Plataforma de Contratos do Sector Público, o mesmo día de envío de referido aviso.
- **Cuarto.-** Segundo o disposto no artigo 62.1 da LCSP, DESIGNAR como RESPONSABLE DO CONTRATO a don Alberto Castro Rascado, enxeñeiro municipal, a quen lle corresponderá supervisar a súa execución e adoptar as decisións e ditar as instrucións necesarias co fin de asegurar a correcta realización da prestación pactada, dentro do ámbito das facultades que o órgano de contratación lle atribúa e que a cláusula 3 do PCAP, recolle a título non exhaustivo.
- **Quinto.-** Nos termos recollidos no epígrafe 18 do anexo I ao PCAP, conforme ao establecido no artigo 202 LCSP, se establecen as seguintes condicións especiais de execución que teñen o carácter de obrigas contractuais esenciais cuxo incumprimento poderá dar lugar á resolución do contrato conforme ao establecido na letra f) do artigo 211 LCSP ou á imposición de penalidades conforme ao previsto nos pregos, a xuízo do órgano de contratación:

De tipo social e laboral

INSIS GLOBAL SL está obrigado durante todo o período de execución do contrato a respectar as condicións salariais e abonar o salario dos traballadores adscritos a execución do contrato conforme ao convenio colectivo de aplicación e ao pago das cuotas de seguridade social, respectando os dereitos dos traballadores.

De tipo ambiental

INSIS GLOBAL SL está obrigado durante o proceso de subministro e instalación dos equipos a realizar unha recollida selectiva dos residuos xerados durante a execución do contrato. Así mesmo deberá retirar os embalaxes e envases utilizados no transporte para depositalos nos contenedores correspondentes ou, no seu caso, no sistema de xestión axeitado.

As labores de instalación da máquina non poderán ocasionar vertidos de carburantes, aceites, gases ou outros produtos danos para o medio natural.

INSIS GLOBAL SL deberá presentar xunto coa factura unha declaración responsable de atoparse ao corrente no pago das súas obrigas salariais e de seguridade social cos traballadores adscritos ao contrato e de ter cumprido todos os compromisos e condicións especiais de execución. O responsable do contrato poderá requirirle en calquera momento os documentos acreditativos destes extremos, concedéndolle un prazo máximo de 10 días hábiles para a súa presentación.

- **Sexto.-** Nos termos recollidos no epígrafe 26 do anexo I ao PCAP, con carácter previo ao inicio dos traballos, INSIS GLOBAL SL deberá subscribir unha póliza de responsabilidade civil por importe de 300.000 € para responder dos danos e prexuízos causados a terceiros na execución do contrato.

INSIS GLOBAL SL deberá entregar na área promotora da contratación (negociado de Servizos) antes do inicio da execución do contrato, unha copia acreditativa da póliza subscrita e das súas renovacións, así como o xustificante do pago da prima correspondente”.

A Xunta de Goberno Local, en votación ordinaria e por unanimidade, acordou a aprobación da proposta anteriormente transcrita ”

E para que conste e ós efectos correspondentes, expídese a presente, de orde e co Visto e Prace do Excmo. Sr. Alcalde, coa reserva á que fai referencia o artigo 206 do Regulamento

de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Corporacións Locais, no Pazo Municipal de Ferrol, na data que figura na sinatura electrónica.

Vº e Pr

ALCALDE